

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE MONTERREI PARA O PROXECTO DE HUMANIZACIÓN E MELLORA DA INFRAESTRUTURA NO NÚCLEO DE MIXÓS (FASE III), CONCELLO DE MONTERREI

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Monterrei o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Monterrei para a humanización e mellora da infraestrutura no núcleo de Mixós (Fase III), concello de Monterrei.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- O Concello de Monterrei é consciente de que o seu Patrimonio é o seu máis grande ben, entendendo Patrimonio no seu senso máis amplo, é dicir, o conxunto de bens dunha comunidade, incluíndo nese conxunto tanto os bens herdados como os de nova



adquisición, tanto os naturais como os culturais. Partindo desta base o Concello de Monterrei está levando a cabo, dende fai anos, unha serie de iniciativas cun obxectivo común: por en valor, é dicir, rendibilizar o seu Patrimonio para dalo a coñecer, conservalo e para a promoción turística.

O núcleo de Mixós presenta na actualidade diversas carencias en canto ás súas infraestruturas básicas, derivadas tanto do paso do tempo como da evolución das necesidades de servizo da poboación. Estas deficiencias afectan de maneira directa á funcionalidade das redes, á seguridade das persoas usuarias e á calidade do espazo público, polo que resulta necesaria a execución das actuacións contempladas no presente proxecto.

En primeiro lugar, detéctanse deficiencias nas redes de abastecemento de auga potable, con conducións obsoletas e carentes de elementos de sectorización e control adecuados, o que dificulta unha xestión eficiente do servizo e incrementa o risco de avarías e perdas. Faise preciso, polo tanto, renovar e mellorar a canalización existente, incorporando válvulas, ventosas, bocas de rego e acometidas domiciliarias que garantan un subministro fiable, continuo e conforme ás esixencias normativas vixentes.

Así mesmo, a rede de saneamento de augas residuais resulta insuficiente e presenta problemas tanto de capacidade como de accesibilidade para o seu mantemento, ao carecer nalgúns tramos de pozos de rexistro adecuados. O proxecto dá resposta a esta situación mediante a execución de novas canalizacións de PVC, a dotación de pozos de rexistro e a renovación das acometidas domiciliarias, garantindo unha correcta evacuación das augas residuais e a súa conexión coa rede xeral existente.

En relación coa recollida e evacuación de augas pluviais, o núcleo carece dunha rede axeitada que permita a correcta drenaxe das escorrentías superficiais, producíndose acumulacións de auga en episodios de choiva intensa. Para solucionar esta problemática, prevese a execución dunha rede específica de pluviais, complementada con sumidoiros, canaletas de drenaxe e pozos de rexistro, co obxectivo de mellorar o comportamento hidráulico da vía pública e evitar danos no pavimento e nas edificacións próximas.

Paralelamente, resulta necesaria a renovación do alumeadado público, actualmente insuficiente e enerxeticamente pouco eficiente. O proxecto contempla a instalación de novas luminarias LED, columnas e liñas de alimentación soterradas, mellorando as



condicións de visibilidade, seguridade viaria e eficiencia enerxética do conxunto do núcleo.

Finalmente, as actuacións complétanse coa reurbanización e mellora do espazo público, mediante a reposición e execución de novos pavimentos, tanto de formigón como de pedra natural, a instalación de mobiliario urbano e a incorporación de zonas vexetais. Todo isto contribúe a unha mellora da accesibilidade, da integración paisaxística e da calidade ambiental do ámbito de actuación, así como á posta en valor do espazo común do núcleo rural.

En resumo, o presente proxecto responde á necesidade de modernizar e adecuar as infraestruturas básicas do núcleo de Mixós, garantindo a prestación dos servizos esenciais en condicións de seguridade, funcionalidade e durabilidade, ao tempo que se mellora a calidade urbana e o benestar da poboación residente.

Terceiro.- A actuación a realizar desenvolverase no núcleo de Mixós, dentro do trazado do Camiño de Santiago Vía da Prata, que é o camiño xacobeo galego de maior percorrido. Ademais a obra está afectada ao patrimonio polo elemento catalogado da Igrexa de Santa María de Mixós, un templo de orixe prerrománico que conserva no seu interior pinturas murais da época medieval e elementos construtivos que lembran a presenza dun mosteiro na mesma zona. Por último, este núcleo tamén se atopa catalogado como Ben de Interese Cultural de área integral (COD 3205002).

Esta actuación é continuación da xa desenvolvida nos dous anos anteriores tamén no núcleo de Mixós, e levarase a cabo noutra rúa a carón da que foi obxecto de actuación, de acordo co seguinte cadro:

Actuación	Coordenada X	Coordenada Y
Inicio	628.139,59	4.646.797,51
Fin	628.083,05	4.646.779,19

Actualmente o camiño no núcleo rural de Mixós atópase en pavimento de formigón moi deteriorado. Proponse unha actuación de mellora cun carril central en pavimento de formigón e nos bordos colocarse un pavimento de lastro de granito ata os límites coas edificacións. Existe tamén unha praza na que se estenderá un pavimento de lousas de



pedra e renovarse o mobiliario existente para por en valor os elementos patrimoniais e mellorar o acceso ó núcleo.

DESCRIPCIÓN DAS OBRAS A REALIZAR

As obras proxectadas consisten na humanización e mellora das infraestruturas urbanas no núcleo de Mixós, comprendendo actuacións sobre as redes de servizos, firmes, alumeadado público, mobiliario urbano e vexetación, así como os traballos previos e complementarios necesarios para a súa correcta execución.

Movimentos de terras e traballos previos

Os traballos iniciaranse coa demolición dos pavimentos existentes de formigón e asfalto nas zonas afectadas pola actuación, mediante medios mecánicos e apoio manual cando sexa preciso. Posteriormente procederase á escavación de gabias para o aloxamento das distintas redes de servizos, incluíndo escavacións en terreo rochoso cando así o requiran as condicións xeotécnicas do ámbito.

As gabias executaranse coas profundidades necesarias para cada servizo, empregando caixas de entibación normalizadas nos tramos onde exista risco de derrubo. Inclúense os traballos de carga, transporte e xestión dos materiais procedentes das escavacións e demolicións, así como o posterior recheo e compactación das gabias unha vez colocadas as conducións. Complétanse estes traballos coa limpeza manual de elementos de pedra existentes que se conservan na actuación.

Rede de abastecemento de auga potable

A actuación contempla a execución dunha nova canalización de abastecemento mediante tubaxe de polietileno de alta densidade PE-100 PN 16, de diámetro exterior 50 mm, colocada sobre soleira granular e con todas as pezas especiais necesarias para garantir a continuidade e estanqueidade da rede.

Inclúese a instalación de válvulas de comporta para sectorización, ventosas trifuncionais para a evacuación de aire, bocas de rego soterradas tipo Ourense e pozos de rexistro, así como a execución das acometidas domiciliarias á rede xeral ata as vivendas existentes. Complétanse os traballos coa conexión da nova rede coa infraestrutura de abastecemento actualmente en servizo.



Rede de saneamento de augas residuais

No ámbito da actuación executarase unha nova rede de saneamento mediante canalizacións de PVC liso SN-4, de diámetro exterior 250 mm, colocadas en gabia sobre soleira de material granular e con unións mediante xunta elástica.

A rede complétase coa execución de pozos de rexistro prefabricados de formigón armado, que permitirán a correcta inspección e mantemento da infraestrutura, así como coa execución das acometidas domiciliarias de saneamento mediante tubaxe de PVC de 160 mm de diámetro, incluíndo a conexión coa rede xeral existente e a posterior reposición dos pavimentos afectados.

Rede de drenaxe de augas pluviais

As obras inclúen a execución dunha rede independente de pluviais para a correcta recollida e evacuación das augas de choiva. Esta rede estará formada por canalizacións de PVC SN-4 de diámetros 315 mm e 160 mm, segundo os tramos, colocadas sobre soleira granular.

Instalaranse pozos de rexistro, sumidoiros de recollida de pluviais e unha canaleta prefabricada de drenaxe con reixa de fundición clase D-400, garantindo a correcta captación das escorrentías superficiais e a súa condución cara á rede xeral existente.

Alumeado público

O proxecto contempla a renovación do alumeado público mediante a instalación de novas luminarias LED de alta eficiencia enerxética, montadas sobre columnas metálicas de 6 metros de altura.

Executarase unha nova liña de alimentación soterrada mediante condutores de cobre illados, canalizados en tubos de PVC, así como as correspondentes arquetas de paso e sistemas de posta a terra. Inclúense todos os elementos necesarios para deixar a instalación completamente montada, conexionada e en funcionamento.

Firmes e pavimentacións

Unha vez executadas as redes soterradas, procederase á formación dos novos firmes,



mediante a execución dunha base granular de grixo artificial debidamente compactado.

Sobre esta base executarase a pavimentación definitiva, combinando pavimentos de formigón desactivado, lastro de granito e lousa de granito, segundo as zonas e usos definidos no proxecto, garantindo a integración co contorno e a durabilidade dos materiais empregados.

Mobiliario urbano

A actuación complétase coa instalación de diverso mobiliario urbano, incluíndo bancos, papeleiras e unha fonte pública, todos eles ancorados sobre superficies preparadas e deseñados para o seu uso en espazos exteriores, mellorando a funcionalidade e o confort do espazo público.

Vexetación

Inclúese a formación de zonas verdes mediante a achega de terra vexetal e a sementeira de céspede natural, empregando mesturas adaptadas ás condicións climáticas da zona, co obxectivo de mellorar a calidade paisaxística do ámbito de actuación.

Xestión de residuos

Durante a execución das obras garantirase unha adecuada xestión dos residuos xerados, procedendo á súa separación e transporte a centros autorizados, tanto no caso de terras e materiais pétreos como de residuos de formigón, cumprindo en todo momento coa normativa ambiental vixente.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Monterrei unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

